XI XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

24 de outubro de 2024

LIBRO DE RESUMOS

> ORGANIZA

> PATRONCINAN

XI XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

PROGRAMA E RESUMOS

24 de outubro de 2024

Organiza: Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide

XI XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

Editora: María José Ginzo Villamayor

ISBN: 978-84-09-66122-0

Presentación

A Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide (MeLiSA) comprácese en presentar a XI Xornada de Usuarios de R en Galicia.

Este evento busca converterse nun punto de encontro para todas aquelas persoas interesadas en compartir as súas experiencias e establecer colaboracións dentro da comunidade, ao tempo que promove e difunde o coñecemento libre da linguaxe estatística R e as súas aplicacións prácticas.

O programa contempla vinte relatorios ao longo de todo o día. Dos cales seis son convidados e ás outras catorce atenderon á chamada de recepción de propostas.

O evento contará con participantes destacados do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga), da Xunta de Galicia, así como do Instituto Galego de Estatística e das tres universidades galegas ou da Universidad Carlos III de Madrid. Tamén participarán académicos de universidades internacionais, como a Universidad Cooperativa de Colombia, Universidade Federal Fluminense (Brasil) e da Academia da Força Aérea (Brasil), así como un profesor de Ensino Medio do IES Pedra da Auga en Ponteareas.

Todo isto non sería posible sen o patrocinio de AMTEGA á que agradecemos a súa contribución.

Santiago de Compostela, outubro de 2024

O Comité Organizador

Comité organizador

María José Ginzo Villamayor
Universidade de Santiago de Compostela

Rafael Rodríguez Gayoso
Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide

Miguel Ángel Rodríguez Muíños
Dirección Xeral de Saúde Pública (Consellería de Sanidade)

Comité científico

María José Ginzo Villamayor
Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Ángel Rodríguez Muíños
Dirección Xeral de Saúde Pública (Consellería de Sanidade)

Información xeral

XI XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

Data

24 de outubro de 2024

Lugar de celebración

Aula Magna. Facultade de Matemáticas (USC)

Web das xornadas

https://www.r-users.gal/

Certificados

Todos os certificados remitiranse ás persoas solicitantes en formato dixital por correo electrónico unha vez rematada a XI Xornada.

Programa

XI XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

24 de outubro de 2024

09:10 – 09:30	Sesión de apertura Mª Elena Vázquez Cendón (Decana da Facultade de Matemáticas), Jose Ameijeiras Alonso (Coordinador do Máster en Técnicas Estatísticas – Universidade de Santiago de Compostela), Rafeael Rodríguez Gayoso (Tesoureiro de MeLiSA), Mª José Ginzo Villamayor (Presidenta de MeLiSA – Universidade de Santiago de Compostela),
09:30 – 09:50	*NPCirc*: novas actualizacións de métodos non paramétricos para datos circulares María Alonso Pena, Jose Ameijeiras Alonso, Rosa M. Crujeiras e Irène Gijbels. *Universidade de Santiago de Compostela*
09:50 – 10:10	R para a elaboración e visualización da estatística de vivendas familiares principais ocupados en Galicia R para a elaboración e visualización da estatística de vivendas familiares principais ocupados en Galicia. *Instituto Galego de Estatística*
10:10 – 10:30	Os efectos da pandemia na fenda dixital na educación en américa central e do sur José Manuel Amoedo, Bruno Blanco Varela e Hugo Campos Romero. *Universidade de Santiago de Compostela*
10:30 – 10:50	Efecto da asma na calidade de vida autopercibida polos pacientes en España Alba Paz Castro e José Manuel Amoedo. *Universidad de Santiago de Compostela*
10:50 – 11:10	R, Webscraping e Open Science. Esquivando balas en Matrix Álvaro Theotonio. *Universidad Carlos III de Madrid*
11:10 – 11:30	Comparison of cumulative incidence curves with multiple causes of death Nora Martínez Villanueva, Marta Sestelo, Luís Meira Machado e Javier Roca Padiñas. *Universidade de Vigo*
11:30 – 12:00	**PAUSA**
12:00 – 12:20	Keep the ball rolling: control estadístico de la calidad para la industria 5.0 Salvador Naya Fernández, Javier Tarrío Saavedra e Miguel Flores. *Universidade da Coruña*
12:20 – 12:40	Non metas a gamba! análises de datos xenómicos con R Adrián Casanova, Miguel Hermida, Paulino Martínez, Inmaculada Carrasco, Francisca Robles, Rafael Navajas, Roberto de la Herrán e Carmelo Ruiz. *Universidade de Santiago de Compostela*
12:40 – 13:00	*adegenet* e *parallelstructure*: análises xenómicos de estrutura poboacional en árnica Fernando Cabana, Adrián Casanova, Manuel A. Rodríguez Guitián, Andrés Blanco, Carlos Real, Rosa Romero, Carmen Bouza e Manuel Vera. *Universidade de Santiago de Compostela*
13:00 – 13:20	O papel de R en Investigación Mariña. Da xenómica a estudo global dos océanos Isabel Fuentes Santos. *Instituto de Investigacións Mariñas*
13:20 – 13:40	Calculo de rutas de escape nun incendio forestal Manuel Antonio Novo Pérez, Marta Rodríguez Barreiro, e María José Ginzo Villamayor. *Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia*
13:40 – 14:00	Calculando a severidade dun incendio forestal con R Marta Rodríguez Barreiro, Manuel Antonio Novo Pérez, e María José Ginzo Villamayor. *Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia*
14:00 – 16:20	**PAUSA**
16:20 – 16:40	El análisis por componentes en las ciencias sociales Jorge Alejandro Obando, Aura Viviana Rincón Ramirez, e Laura Nathalia Obando. *Universidad Cooperativa de Colombia (Colombia)*
16:40 – 17:00	Introduction to the R Packages based on JDemetra+ 3rd version Cheyenne Amoroso, Carolina García Martos, Germán Aneiros, José A. Vilar Fernández, Manuel Oviedo de la Fuente e Mario Francisco Fernández. *Universidade da Coruña*
17:00 – 17:20	Aplicativos para Aprendizagem Acelerada das Iteraçoes do Método Simplex Luciane Ferreira Alcoforado. *Academia da Força Aérea (Brasil)*
17:20 – 17:40	Toponomastics, uma ferramenta para o estudo da toponímia com foco no superestrato Afonso Xavier Canosa Rodrigues. *Xunta de Galicia*
17:40 – 18:00	Processo de otimização de uma carteira de ativos utilizando a linguagem R Ariel Levy, Marcus Antonio Cardoso Ramalho, e Eduardo Camilo da Silva. *Universidade Federal Fluminense (Brasil)*
18:00 – 18:10	**PAUSA**
18:10 – 18:30	Análise de datos contables mediante R. Exemplo de análise de certos datos de facturación e gastos na Xunta de Galicia Marcos Fernández Arias. *Xunta de Galicia*
18:30 – 18:50	Mandalas Matemáticas: Uma Releitura das Padronagens e Cores das Cerâmicas de Sargadelos Luciane Ferreira Alcoforado, João Paulo Martins dos Santos, Maria Cláudia e Jesús Machado. *Academia da Força Aérea (Brasil)*
18:50 – 19:10	Análisis de nubes de puntos masivas en R Nataly Romarís Lodeiro, Olamar Benavente Fernández, Rubén Fernández Casal e Salvador Naya Fernández. *Universidade da Coruña*
19:30 – 19:35	Clausura María José Ginzo Villamayor. *Universidade de Santiago de Compostela*

Índice

npcirc: NOVAS ACTUALIZACIÓNS DE MÉTODOS NON PARAMÉTRICOS PARA DATOS CIRCULARES. María Alonso Pena, Jose Ameijeiras Alonso, Rosa M. Crujeiras e Irène Gijbels. Universidade de Santiago de Compostela 11

R PARA A ELABORACIÓN E VISUALIZACIÓN DA ESTATÍSTICA DE VIVENDAS FAMILIARES PRINCIPAIS OCUPADOS EN GALICIA. Esther López Vizcaíno, Isabel del Río Viqueira e Solmary Silveira Calviño. Instituto Galego de Estatística 46

OS EFECTOS DA PANDEMIA NA FENDA DIXITAL NA EDUCACIÓN EN AMÉRICA CENTRAL E DO SUR. José Manuel Amoedo, Bruno Blanco Varela e Hugo Campos-Romero. Universidade de Santiago de Compostela..... 13

EFECTO DA ASMA NA CALIDADE DE VIDA AUTOPERCIBIDA POLOS PACIENTES EN ESPAÑA. Alba Paz Castro e José Manuel Amoedo. Universidade de Santiago de Compostela..... 67

R, WEBSCRAPING E OPEN SCIENCE. ESQUIVANDO BALAS EN MATRIX. Álvaro Theotonio. Universidad Carlos III de Madrid 74

COMPARISON OF CUMULATIVE INCIDENCE CURVES WITH MULTIPLE CAUSES OF DEATH. Nora Martínez Villanueva, Marta Sestelo, Luís Meira Machado e Javier Roca Padiñas. Universidade de Vigo..... 50

KEEP THE BALL ROLLING: CONTROL ESTADÍSTICO DE LA CALIDAD PARA LA INDUSTRIA 5.0. Salvador Naya Fernández, Javier Tarrío Saavedra e Miguel Flores. Universidade da Coruña 55

NON METAS A GAMBA! ANÁLISES DE DATOS XENÓMICOS CON R. Adrián Casanova, Miguel Hermida, Paulino Martínez, Inmaculada Carrasco, Francisca Robles, Rafael Navajas, Roberto de la Herrán e Carmelo Ruiz. Universidade de Santiago de Compostela 23

adegenet E parallelstructure: ANÁLISES XENÓMICOS DE ESTRUTURA POBOACIONAL EN ÁRNICA. Fernando Cabana, Adrián Casanova, Manuel A. Rodríguez-Guitian, Andrés Blanco, Carlos Real, Rosa Romero, Carmen Bouza e Manuel Vera. Universidade de Santiago de Compostela 19

O PAPEL DE R EN INVESTIGACIÓN MARIÑA. DA XENÓNMICA A ESTUDO GLOBAL DOS OCÉANOS. Isabel Fuentes Santos. Instituto de Investigacións Mariñas 41

CALCULO DE RUTAS DE ESCAPE NUN INCENDIO FORESTAL. Manuel Antonio Novo Pérez, Marta Rodríguez Barreiro e María José Ginzo Villamayor. Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia 59

CALCULANDO A SEVERIDADE DUN INCENDIO FORESTAL CON R. Marta Rodríguez Barreiro, Manuel Antonio Novo Pérez e María José Ginzo Villamayor. Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia 68

EL ANÁLISIS POR COMPONENTES EN LAS CIENCIAS SOCIALES. Jorge Alejandro Obando, Aura Viviana Rincón Ramirez e Laura Nathalia Obando. Universidad Cooperativa de Colombia..... 63

INTRODUCTION TO THE R PACKAGES BASED ON JDEMETRA+ 3RD VERSION. Cheyenne Amoroso, Carolina García Martos, Germán Aneiros, José A. Vilar Fernández, Manuel Oviedo de la Fuente, Mario Francisco Fernández. Universidade da Coruña 17

APLICATIVOS PARA APRENDIZAGEM ACELERADA DAS ITERAÇOES DO MÉTODO SIMPLEX. Luciane Ferreira Alcoforado. Academia da Força Aérea,..... 37

TOPONOMASTICS, UMA FERRAMENTA PARA O ESTUDO DA TOPONÍMIA COM FOCO NO SUPERESTRATO. Afonso Xavier Canosa Rodrigues. Xunta de Galicia 23

PROCESSO DE OTIMIZAÇÃO DE UMA CARTEIRA DE ATIVOS UTILIZANDO A LINGUAGEM R. Ariel Levy, Marcus Antonio Cardoso Ramalho, e Eduardo Camilo da SIlva. Universidade Federal Fluminense 42

ANÁLISE DE DATOS CONTABLES MEDIANTE R. EXEMPLO DE ANÁLISE DE CERTOS DATOS DE FACTURACIÓN E GASTOS NA XUNTA DE GALICIA. Marcos Fernández Arias. Xunta de Galicia .. 31

MANDALAS MATEMÁTICAS: UMA RELEITURA DAS PADRONAGENS E CORES DAS CERÂMICAS DE SARGADELOS. Luciane Ferreira Alcoforado, João Paulo Martins dos Santos, e Maria Cláudia de Jesus Machado. Academia da Força Aérea, ... 51

ANÁLISIS DE NUBES DE PUNTOS MASIVAS EN R. Nataly Romarís Lodeiro, Olamar Benavente Fernández, Rubén Fernández Casal e Salvador Naya Fernández. Universidade da Coruña..... 71

XI Xornada de Usuarios de R en Galicia
Santiago de Compostela, 24 de outubro do 2024

NPCirc: novas actualizacións de métodos non paramétricos para datos circulares

María Alonso Pena[1], Jose Ameijeiras Alonso[2], Rosa M. Crujeiras[2] e Irène Gijbels[3]

[1]Universidade de Santiago de Compostela
[2]CITMAga, Universidade de Santiago de Compostela
[3]Department of Mathematics, KU Leuven

RESUMO

O paquete `NPCirc`, inicialmente publicado no ano 2013, é un proxecto colaborativo no que se proporcionan ferramentas para realizar inferencia non paramétrica con datos circulares. O paquete contén funcións relacionadas con problemas de estimación da densidade e da función de regresión, cando algunhas das variables involucradas é de natureza circular. Nos últimos anos, engadíronse técnicas avanzadas como novos métodos de selección do parámetro de suavizado, técnicas de regresión avanzada e contrastes sobre a función de regresión.

Palabras e frases chave: Datos circulares, Densidade non paramétrica Regresión non paramétrica, Suavizado, Técnicas tipo núcleo.

1. INTRODUCIÓN

Os datos circulares son aqueles que teñen como soporte a circunferencia unidade: direccións, ángulos ou observacións periódicas. Este tipo de datos non poden ser analizados con técnicas estatísticas clásicas, debido á súa periodicidade. O paquete de `R` `NPCirc`, publicado inicialmente no ano 2013 (Oliveira et al, 2014), contén esencialmente métodos específicos para datos circulares, que se poden clasificar en tres grandes bloques:

- Conxuntos de datos reais contendo variables circulares.
- Funcións para estimar, non parametricamente, a densidade dunha variable circular.
- Funcións para estimar, de xeito non paramétrico, a función de regresión cando algunha das variables é circular.

Nos últimos anos, o paquete `NPCirc` ten sufrido distintas actualizacións, nos que se teñen engadido importantes funcións correspondentes aos distintos bloques.

2. NOVAS METODOLOXÍAS

As versións iniciais de `NPCirc` incluían a función `kern.den.circ`, que permitía obter o estimador non paramétrico da función de densidade circular. Xunto con esta, achegábanse funcións para seleccionar o parámetro de suavizado como `bw.pi, bw.rt, bw.CV, bw.boot`. Na última actualización, incorporouse a función `bw.AA`, implementando o método de Ameijeiras-Alonso (2024) baseado nas ideas de Sheather e Jones.
Por outra banda, as primeiras versións do paquete incluían as funcións `kern.reg.circ.lin`, `kern.reg.lin.circ` e `kern.reg.circ.circ` para estimar a función de regresión. Dentro das novas actualizacións, atópanse a incorporación de ferramentas para testar se, nestes contextos de regresión, existe un efecto significativo da variable explicativa sobre a resposta, mediante

`noeffect.circ.lin`, `noeffect.lin.circ` e `noeffect.circ.circ`. Ademais, a comparación de función de regresión en distintos grupos pódese levar a cabo mediante contrastes de hipóteses con `ancova.circ.lin`, `ancova.lin.circ` e `ancova.circ.circ` (Alonso-Pena et al, 2021).
Outros tipos de regresión máis xeralizados tamén son posibles grazas á función `circ.local.lik`, onde se asume unha variable explicativa circular e unha resposta que pode seguir unha resposta Bernoulli, Poisson ou gamma (Alonso-Pena et al, 2023).
Por último, dentro das técnicas de regresión, engadíronse ferramentas que non estiman a media condicional, senón as modas condicionais (Alonso-Pena e Crujeiras, 2023). Isto pódese levar a cabo mediante as funcións `modalreg.circ.lin`, `modalreg.lin.circ` e `modalreg.circ.circ`.

3. CONCLUSIÓNS

O paquete `NPCirc` considérase como un proxecto amplo onde se pretende proporcionar, á comunidade científica, ferramentas para a análise non paramétrica de datos circulares. Ademais das últimas actualizacións, espérase que no futuro próximo se engadan máis ferramentas como clustering modal non paramétrico, contrastes de bondade de axuste, tanto para densidade como para regresión, ou regresión tipo single-index.

AGRADECEMENTOS

Os autores agradecen a María Oliveira a cesión do mantemento do paquete. Ademais, agradécese o financiamento dos proxectos PID2020-116587GBI00, financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033; ED431C 2021/24 da Xunta de Galicia e C16/20/002 da Research Fund KU Leuven, Belgium.

Referencias

[1] Alonso-Pena, M., Ameijeiras-Alonso, J. and Crujeiras, R.M. (2021). Nonparametric tests for circular regression. *Journal of Statistical Computation and Simulation* 91, 477–500.

[2] Alonso-Pena, M. and Crujeiras, R.M. (2023). Analyzing animal escape data with circular nonparametric multimodal regression. *Annals of Applied Statistics* 17 130–152.

[3] Alonso-Pena, M., Gijbels, I. and Crujeiras, R.M. (2023). A general framework for circular local likelihood regression. *Journal of the American Statistical Association.*

[4] Ameijeiras-Alonso, J. (2024). A reliable data-based smoothing parameter selection method for circular kernel estimation. *Statistics and Computing* 34.

XI Xornada de Usuarios de R en Galicia

Santiago de Compostela, 24 de outubro do 2024

ESTUDO DOS EFECTOS DA PANDEMIA DA COVID-19 NA FENDA DIXITAL EDUCATIVA EMPREGANDO A LIBRERÍA MATCHIT

José Manuel Amoedo[1], Bruno Blanco-Varela[2] e Hugo Campos-Romero[2]

[1] Grupo de Investigación ICEDE, Departamento de Economía Aplicada, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, España

[2] Grupo de Investigación ICEDE, Departamento de Economía Cuantitativa, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, España

RESUMO

Os sistemas educativos de todo o mundo víronse fortemente afectados pola Pandemia de Covid-19 e as políticas levadas a cabo para evitar a expansión da pandemia. Porén, estes impactos non parecen ter sido homoxéneos debido, entre outras cuestións, ó importante papel das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e ó diferente acceso a elas segundo o nivel socioeconómico dos fogares. O cal cobra aínda máis relevancia nos países emerxentes ou en vías de desenvolvemento. Nesta investigación estudamos o caso de oito países de América central e do sur co obxectivo de comprobar se a fenda no desempeño académico xerada polo diferente acceso ás TIC incrementouse durante a pandemia. Para isto empregamos datos da base PISA e diferentes librerías de R tales como dplyr, MathcIt, stats e ggplot2. Os resultados amosan como na meirande parte dos países estudados a pandemia incrementou considerablemente a fenda dixital.

Palabras e frases chave: tecnoloxías da información e a comunicación, fenda dixital, sistema educativo, América central e do sur, Covid-19

1. INTRODUCIÓN

Nos últimos anos, a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) transformou profundamente a educación, destacando a importancia de desenvolver competencias dixitais tanto para o éxito académico como para as oportunidades laborais. Porén, aínda que as institucións educativas comezaron a incorporar recursos dixitais no seus procesos de ensinanza, a dispoñibilidade destes recursos non garante o seu uso efectivo nin o desenvolvemento axeitado das competencias dixitais nin que todos os estudantes teñan un acceso similar a estes recursos.

A Pandemia da Covid-19 acelerou a dixitalización na educación, pero tamén puxo en evidencia e, en moitos casos, agravou as desigualdades preexistentes. A educación a distancia converteuse nunha solución necesaria, pero puido ter ampliado as fendas sociais no ámbito educativo [1]. Entre o anos 2018 e 2022, moitos países experimentaron un descenso no desempeño académico en competencias como matemáticas e lectura, o cal debe entenderse no contexto do impacto global da pandemia nos

sistemas educativos. Ademais, as respostas a esta crise e os seus efectos na equidade educativa variaron significativamente entre rexións e países.

Nesta investigación levamos a cabo un estudo para oito países de América central e do sur (Arxentina, Brasil, Chile, Colombia, República Dominicana, Panamá, Perú e Uruguai) de cara a comprobar se a fenda no rendemento entre estudantes xerada pola fenda dixital incrementouse nestes países polos efectos da pandemia. Para isto empregamos datos de dúas edicións do Programa para a Avaliación Internacional dos Estudantes (PISA) para o último ano dispoñible antes da Pandemia de Covid-19 [2] e para o primeiro dispoñible tras ela [3]. De cara a eliminar os problemas de endoxeneidade asociados ó diferente acceso ás TIC empregamos Propensity Score Matching (PSM), unha metodoloxía empregada frecuentemente neste tipo de estudos [4,5]. Para levar a cabo esta análise empréganse diferentes librerías de R tales como dplyr e MarchIt para construír a base de datos e levar a cabo o emparellamento.

Esta investigación divídese en catro seccións. Incluíndo esta introdución. Na segunda sección presentamos as variables e metodoloxía empregadas. A continuación, presentamos os resultados obtidos sobre a fenda entre estudantes con e sen acceso ás TIC para as competencias de ciencia, matemáticas e lectura. Na cuarta sección presentamos as principais conclusións obtidas desta investigación e as implicacións para as políticas públicas.

2. DATOS E METODOLOXÍA

Partindo das bases de datos comprendidas nas dúas edicións de PISA podemos conformar as covariables de tratamento, control e resultados recollidas na Táboa 1. As cales son empregadas para obter grupos de tratamento e control similares e, a partir das súas diferenzas, estimar os efectos do acceso ás TIC no desempeño académico. A covariable de tratamento empregada (PC_INTERNET) recolle se o estudante ten acceso a un ordenador para as tarefas escolares no fogar e acceso a internet (non inclúe a do teléfono móbil).

Grupo	Variable	Código
Tratamento	Ordenador dispoñible no fogar para facer os deberes	PC
	Acceso a internet (sen incluír a do teléfono móbil	INTERNET
	Ordenador para deberes e acceso a internet (PC*INTERNET)	PC_INTERNET
Control	Idade do estudante	AGE
	Sexo do estudante	SEX
	Estudante que repetiu algún curso	REPEAT
	Idade á que empezou os estudos oficiais	STU_BEGIN
	Orixe do estudante (inmigrante de 1º xeración, 2º xeración ou nativo	ORIGIN
	ISEC do estudante	ESCS
	Habitación propia	ROOM
	Tipo de centro segundo o réxime de propiedade	SCHLTYPE
	Tamaño do municipio ó que pertence o centro (en habitantes)	SCHLCOMSIZE
	Tamaño do centro (en estudantes)	SCHSIZE
	Tamaño medio das clases (estudantes na clase de lingua)	CLSIZE
	Alumnos por profesor	STRATIO
	Uso do agrupamento escolar no centro	ABGROUPING
Resultados	Media dos valores plausibles obtidos en ciencia	SCIENCE
	Media dos valores plausibles obtidos en lectura	READING
	Media dos valores plausibles obtidos en matemáticas	MATHEMATICS

Nota: o ISEC é un índice sintético recollido por PISA que mide o nivel social, económico e cultural do estudante
Táboa 1: variables de tratamento, control e resultados empregadas no estudo a partir da información dispoñible en PISA [2,3]

Para obter grupos de tratamento e control similares empregamos PSM e, máis concretamente, a metodoloxía do Veciño Máis Próximo (VMP) en combinación co

emparellamento exacto para algunhas variables clave (SEX, REPEAT, ORIGIN and SCHLTYPE). Para obter os mellores emparellamentos posibles optamos por empregar diferentes alternativas do VMP 1:k (con k=1, 3, 5 e 10) e seleccionamos para cada país e cada ano o emparellamento coas mellores medidas de equilibrio (nesgos estandarizados, pseudo-R^2 e análise gráfica). Para estimar a distancia empregamos o Modelo Lineal Xeneralizado (MLX).

Para levar a cabo esta análise primeiro constrúese a base de datos empregando a librería dplyr e conformar as covariables de tratamento, control e resultados. A continuación, emprégase a librería MatchIt para realizar o emparellamento para cada país e obter as medidas de equilibrio. En terceiro lugar, emprégase a librería stats para levar a cabo a análise estatística. Finalmente, de cara a presentar os resultados de forma gráfica utilízase a librería ggplot2.

Unha vez realizados os emparellamentos, a fenda no desempeño académico xerada pola fenda dixital é estimada a partir da diferencia entre as medias ponderadas para o grupo de tratamento e o grupo de control. O que é posible dado que ó eliminar os problemas de endoxeneidade mediante o emparellamento a única diferenza entre os estudantes é o feito de ter acceso ou non a un ordenador e internet (PC_INTERNET).

3. RESULTADOS

Os resultados obtidos recóllense na Figuras 1, que recolle a fenda no desempeño académico nos anos 2018 e 2022 nas competencias de ciencia, lectura e matemáticas. Nelas podemos observar como na meirande parte dos países a Pandemia de Covid-19 incrementou a fenda no desempeño entre os estudantes con acceso a ordenador e internet e aqueles sen acceso a ambos.



Figura 1: Fenda en ciencia



Figura 2: Fenda en lectura



Figura 3: Fenda en matemáticas

4. CONCLUSIÓNS

A principal conclusión desta investigación é que a Pandemia de Covid-19 incremento a fenda no desempeño académico entre os estudantes con acceso a ordenador e conexión a internet na meirande nos países analizados. Se ben é preciso sinalar que existen certos matices e diferenzas entre os países e as competencias analizadas xa que os incrementos observados son dispares entre países e entre competencias. De feito, podemos observar como nalgúns países e competencias non existe un incremento significativo en dita fenda.

As implicacións derivadas deste estudo para as políticas públicas son a necesidade de fomentar o igual acceso ás TIC entre os estudantes para garantir a equidade no sistema educativo e a relevancia de ter en conta a desigual exposición ante fenómenos adversos, como o foi a Pandemia da Covid-19, dos estudantes segundo o seu contexto de cara a protexer a aqueles máis vulnerables.

Referencias

[1] Ogundari, K. (2023). Student access to technology at home and learning hours during COVID-19 in the U.S. Educational Research for Policy and Practice, 22(3), 443–460.

[2] OECD (2019). PISA 2018 Database. https://www.oecd.org/pisa/data/2018database/

[3] OECD (2023). PISA 2022 Database. https://www.oecd.org/pisa/data/2022database/

[4] Blanco-Varela, B., Amoedo, J. M., & Sánchez-Carreira, M. C. (2024). Analysing ability grouping in secondary school: A way to improve academic performance and mitigate educational inequalities in Spain?. International Journal of Educational Development, 107, 103028.

[5] Stuart, E. A. (2010). Matching methods for causal inference: A review and a look forward. Statistical Science : A Review Journal of the Institute of Mathematical Statistics, 25(1), 1–21.

XI Xornada de Usuarios de R en Galicia
Santiago de Compostela, 24 de outubro do 2024

Introduction to the R Packages based on JDemetra+ 3rd version

Cheyenne Amoroso[1], Carolina García-Martos[2], Germán Aneiros[1], José A. Vilar[1], Manuel Oviedo de la Fuente[1], Mario Francisco-Fernández[1]

[1] CITIC, Grupo MODES, Departamento de Matemáticas, Universidade da Coruña.
[2] Escuela Tecnica Superior de Ingenieros Industriales (ETSII), Universidad Politécnica de Madrid.

ABSTRACT

Time series can exhibit a variety of underlying patterns that contribute to the observed changes over a period of time. These patterns are crucial to understanding the dynamics within the data and can be broken down into three main components: trend, seasonal and irregular. The trend component represents the long-term movement in the data, often indicating growth or decline over an extended period. The seasonal component captures periodic fluctuations that occur at regular intervals, such as monthly or quarterly, reflecting recurring events such as holidays or seasonal weather patterns. Finally, the irregular component accounts for the random or unpredictable variations in the data that cannot be attributed to the trend or seasonal components.

A common task in economics is the seasonal adjustment of time series, which involves removing the seasonal component from the data. This adjustment is crucial because seasonal fluctuations can obscure both short-term and long-term movements in the data, making it difficult to identify underlying trends and patterns. By removing the seasonal component, analysts can gain a clearer understanding of the underlying phenomena driving the series, allowing for more accurate forecasting and policy analysis.

In 2009, the European Statistical System (ESS) published Guidelines on Seasonal Adjustment [1] with the aim of harmonising European practices and improving the comparability of national infra-annual statistics. Following the first edition in 2009, the revised ESS Guidelines on Seasonal Adjustment were published in 2015 [2], presenting theoretical aspects and practical implementation issues in a user-friendly and easy-to-read framework. In line with the Eurostat guidelines, the National Statistics Institute (Spain) has established certain recommendations for the treatment of socio-economic time series [4].

The two most commonly used approaches to seasonal adjustment are ARIMA model-based adjustment and fixed filter-based adjustment. Both methods are recognised as equally valid by the ESS. Currently, INE applies seasonal adjustment using the ARIMA model-based approach. Specifically, the seasonal adjustment of time series is carried out using the Tramo-Seats method [3], which is a well-established procedure in the field of time series analysis and consists of two main stages. In the first step, a Reg-ARIMA model is fitted to the data to remove outliers and to account for calendar effects, such as the influence of holidays or different month lengths. This step is critical to isolate the deterministic effects that can bias the analysis. In the second stage, the signal is extracted using Wiener-Kolmogorov filtering, a sophisticated technique for separating the signal from the noise.

The recommended seasonal adjustment methods are currently implemented in several ways. In particular, INE recommends the use of the JDmetra+ package, which is also

widely recommended by Eurostat. JDemetra+ is an open source software for seasonal adjustment and time series analysis, developed by the National Bank of Belgium in the framework of Eurostat's "Centre of Excellence on Statistical Methods and Tools" with the support of the Deutsche Bundesbank and Insee.

There are several versions, including version 2.2.4, which is highly recommended, and the version 3.x family, which includes advanced features for seasonal adjustment and trend estimation, including high frequency data. The latest version 3.2.4 was released on 11 July 2024. The core Java algorithms of JDemetra+ can be accessed from within R. During the *XI Xornada de Usuarios de R* congress an overview of the R ecosystem in the context of JDemetra+ 3.x [5] is provided.

Keywords: Seasonal adjustment, Tramo-Seats, JDemetra+.

Acknowledgements: CITIC, as a center accredited for excellence within the Galician University System and a member of the CIGUS Network, receives subsidies from the Department of Education, Science, Universities, and Vocational Training of the Xunta de Galicia. Additionally, it is co-financed by the EU through the FEDER Galicia 2021-27 operational program (Ref. ED431G 2023/01).

References

[1] Eurostat (2009). *ESS Guidelines on Seasonal Adjustment: 2009 edition.*

[2] Eurostat (2015). *ESS Guidelines on Seasonal Adjustment: 2015 edition.*

[3] Gómez, Victor and Maravall, Agustin (1996). *Programs tramo and seats, instruction for user (beta version: september 1996).* Working papers, Banco de España.

[4] INE (2019). *Estándar del INE para la corrección de efectos estacionales y efectos de calendario en las series coyunturales.*

[5] Palate, Jean and Alain Quartier la Tente (2024). *rjd3tramoseats: Seasonal Adjustment with TRAMO-SEATS and 'JDemetra+ 3.0'*, R package version 3.2.2. `https://github.com/rjdemetra/rjd3tramoseats`

XI Xornada de Usuarios de R en Galicia
Santiago de Compostela, 24 de outubro do 2024

ADEGENET E PARALLELSTRUCTURE: ANÁLISES XENÓMICOS DE ESTRUTURA POBOACIONAL EN ÁRNICA

Fernando Cabana[1], Adrián Casanova[1], Manuel A. Rodríguez-Guitian[2], Andrés Blanco[1], Carlos Real[3], Rosa Romero[2], Carmen Bouza[1], Manuel Vera[1]

[1] Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física, Facultade de Veterinaria, Universidade de Santiago de Compostela. Campus Terra, 27002 Lugo, España
[2] Departamento de Produción Vexetal, Escola Politécnica Superior, Universidade de Santiago de Compostela. Campus Terra, 27002 Lugo, España
[3] Departamento de Ecoloxía, Escola Politécnica Superior, Universidade de Santiago de Compostela. Campus Terra, 27002 Lugo, España

RESUMO

Dentro do amplo catálogo de paquetes do entorno R, moitos son fundamentais para a realización de análises xenómicas. Un exemplo destas análises serían aquelas que procuran definir as estruturas poboacionais dun conxunto de mostras, para a xestión dos recursos naturais. Neste caso de estudo móstrase o uso de dous paquetes de R, adegenet e ParallelStructure, para determinar a estrutura xenómica poboacional de 12 localidades de *Arnica montana*, planta medicinal con propiedades antiinflamatorias e de grande interese de conservación en Galicia e Europa. Estes paquetes ofrecen dúas aproximacións diferentes: (i) adegenet, baseada en análises discriminante de compoñentes principais e (ii) ParallelStructure o cal optimiza o programa de análise bayesiano STRUCTURE para poder procesar un gran volume de datos xenómicos.

Palabras e frases chave: *Arnica montana*, xenómica, estrutura poboacional.

1. INTRODUCIÓN

Arnica montana L. é unha planta perenne da familia das asteráceas, distribuída ao longo de Europa. Ten interese farmacéutico debido as súas propiedades antiinflamatorias, derivadas de metabolitos secundarios, basicamente lactonas sesquiterpénicas. No estudo do presente caso, realizouse unha primeira aproximación xenómica como continuación de estudos xenéticos previos [1,2,3]. A partir de 120 individuos de 12 localidades do norte de España (Táboa 1), obtivéronse 5675 marcadores de polimorfismos de nucleótido único (SNPs, do inglés *Single Nucleotide Polymorphisms*). Dentro da batería de análises realizadas a partir destes marcadores atópanse análises de estrutura poboacional. Para estas, empregáronse dous paquetes de R, adegenet [4] e ParallelStructure [5], sitos nos repositorios, CRAN (https://cran.r-project.org/) e R-forge (https://r-forge.r-project.org/), respectivamente.

Localidade	Código	Nº Individuos
Ponte Pedrido (Guitiriz, Lugo)	PPED	10
Outeiro de Rei (Lugo)	OUT	12
Ponte de Bous (Serra dos Ancares, Lugo)	PBOU	12
Catro Carballos (Serra dos Ancares, León)	CCAR	5
Marco do Pozo (Serra dos Ancares, Lugo)	POZO	4
Alto do Couto (Serra do Courel, Lugo)	COUT	10
Pico Formigueiros (Serra do Courel, Lugo)	PFOR	9
Covadonga (Asturias)	COME	11
Boya (Zamora)	BOYA	13
Forcadura (Zamora)	FORC	14
Salduero (Vizcaia)	SALD	13
Ripollés (Girona)	RIPO	7

Táboa 1: Localidades co seu código asociado e o número de individuos mostrados.

O paquete adegenet permite inferir a estrutura xenómica dos nosos datos en dúas etapas principais Na primeira etapa definiríanse o número de unidades poboacionais máis probables segundo o criterio de información bayesiana (BIC, do inglés *Bayesian Information Criterion*) empregando a función "find.clusters". Posteriormente, na segunda etapa consistiría na realización de análises discriminantes de compoñentes principais (DAPCs, do inglés *Discriminant Analysis of Principal Components*) [6] coa función "dapc". Este método consta a súa vez de dous pasos: a análise de compoñentes principais ou PCA (*Principal Component Analysis*) + a análise discriminante ou DA (*Discriminant Analysis*). Os DAPCs teñen como obxectivo mostrar as diferencias entre grupos minimizando as variacións dentro dos grupos, de menor interese neste tipo de análises. A selección do número de compoñentes principais é unha decisión crítica, e existen diferentes criterios publicados na bibliografía científica.

Por outra banda, o paquete ParallelStructure permite a execución e a paralelización da ferramenta STRUCTURE [7]. Este programa, identifica o número de unidades poboacionais máis probable entre os analizados en base a certas asuncións xenéticas (e.g., equilibrio de Hardy-Weinberg dentro das unidades poboacionais identificadas) empregando unha aproximación bayesiana. Ao empregar de miles a millóns de marcadores, con longas iteracións (100,000-1,000,000), ademais de analizar un elevado número de unidades poboacionais posibles (Ks) para as nosas mostras, estas análises son computacionalmente moi intensivas. Isto implica que a paralelización (i.e., emprego paralelo de varias unidades de procesamento) é fundamental para poder manexar tempos de execución razoables tanto en local (e.g., ordenador de sobremesa) como en centros de supercomputación.

2. METODOLOXÍA

Co paquete de R adegenet utilizouse a función "find.clusters" testando até K = 20 unidades poboacionais ou clústeres, empregando 1,000,000 iteracións por cada K. Para a selección do número de clústeres máis probables seleccionáronse as Ks cos valores BIC máis baixos. Posteriormente, no DAPC, probáronse diferentes criterios para a selección do número de compoñentes principais :

(i) o criterio de porcentaxe de varianza conservada (capturando tantos PCs necesarios para reter tanto o 50% como para o 90%)

(ii) a-score, a diferenza entre a proporción de reatribucións con éxito de análise (discriminación observada) e os valores obtidos utilizando grupos aleatorios (discriminación aleatoria).

(iii) retención dun número de compoñentes principais equivalente ao número de Ks inferidos mediante "find.clusters" -1, empregando a configuración inicial das localidades, criterio baseado en [8].

Tras unha comparación de resultados, este último criterio foi o elixido para empregar en todas as análises de DAPC xa que ademais de reter unha elevada porcentaxe da variación total dos datos (i.e., >50%; primeiro criterio) os resultados foron similares.

As análises con ParallelStructure foron realizadas no supercomputador FinisTerrae III do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA). Testouse un número de K dende 1 ata 13 (número de localidades + 1) cos modelos ADMIXTURE (podería haber fluxo xénico e híbridos entre diferentes localidades) e frecuencias alélicas correlacionadas. Para a interpretación de resultados empregouse o programa web StructureSelector [9], que ofrece diferentes estimadores do valor de K máis probable [7, 10-11], e a representación visual empregando o programa CLUMPAK [12].

3. RESULTADOS

Os resultados atopados con ambos métodos foron consistentes entre si (Figura 1).



Figura 1: **A:** Visualización de CLUMPAK dos resultados de STRUCTURE para diferentes K (2,3 e 4 con apoio dos modelos). Cada individuo está representado como unha barra vertical dividida en segmentos segundo a proporción do xenoma pertencente a cada un dos clústeres inferidos (en cores distintas). Observamos dous grandes bloques, que ao aumentar K se diferencian en subgrupos. As: Asturias; Za: Zamora; Vi: Bizcaia; Gi: Xirona **B e C:** resultados de DAPC comparando o primeiro DA *eigenvalue* co segundo (B) e co terceiro (C) respectivamente. Os individuos están representados como puntos e as localidades como elipses de inercia.

Dependendo do estimador de K de STRUCTURE empregado obtivéronse distintos resultados. Isto apuntaría a unha xerarquía dos clústeres estruturais, en que algúns se subdividen en varios segundo consideramos a posibilidade de maiores K (Figura 1).

Os resultados suxerirían que hai dous clústeres principais, representados en azul e laranxa respectivamente (Figura 1) coincidindo con observacións de traballos previos. Ademais, obsérvase que localidades próximas entre si (CCAR-POZO) e afastadas (COME-SALD)agruparíanse en clústeres propios con maiores valores de K, suxerindo a implicación de factores demográficos e adaptación locais na estrutura poboacional.

AGRADECEMENTOS

Este traballo foi apoiado polos contratos da Deputación de Lugo para estudos de *Arnica montana* dos anos 2023 e 2024. Fernando Cabana foi beneficiario dunha Bolsa Iniciación á Investigación do Campus Terra (2024).Agradecemos o apoio bioinformático do CESGA.

Referencias

[1] Vera, M., Romero, R., Rodríguez Guitián, M., Barros, R., Real, C. e Bouza, C. (2015). Phylogeography and genetic variability of the *Arnica montana* chemotypes in NW Iberian Peninsula. *Silvae Genetica*, *63*, 293–300.

[2] Vera, M., Mora, G., Rodríguez-Guitián, M. A., Blanco, A., Casanova, A., Real, C., Romero, R. e Bouza, C. (2020). Living at the edge: population differentiation in endangered *Arnica montana* from NW Iberian Peninsula. *Plant Systematics and Evolution*, *306*, 44.

[3] Bouza, C., Lorenzo, I., Rodríguez-Guitián, M. A., Casanova, A., Real, C., Romero, R. e Vera, M. (2023). Genetic survey extension of the threatened Iberian *Arnica montana* L. revealed the presence of divergent plastid lineages and highly structured populations in northern Spain. *Genetic Resources and Crop Evolution*, *70*, 1677–1689.

[4] Jombart, T. e Ahmed, I. (2011). *adegenet 1.3-1*: new tools for the analysis of genome-wide SNP data. *Bioinformatics*, *27*, 3070–3071.

[5] Besnier, F. e Glover, K. A. (2013). ParallelStructure: A R Package to Distribute Parallel Runs of the Population Genetics Program STRUCTURE on Multi-Core Computers. *PLOS ONE*, 8, e70651.

[6] Jombart, T., Devillard, S. e Balloux, F. (2010). Discriminant analysis of principal components: a new method for the analysis of genetically structured populations. *BMC Genetics*, *11*, 94.

[7] Pritchard, J. K., Stephens, M. e Donnelly, P. (2000). Inference of Population Structure Using Multilocus Genotype Data. *Genetics*, *155*, 945–959.

[8] Thia, J. A. (2023). Guidelines for standardizing the application of discriminant analysis of principal components to genotype data. *Molecular Ecology Resources*, *23*, 523–538.

[9] Li, Y. L. e Liu, J. X. (2018). StructureSelector: A web-based software to select and visualize the optimal number of clusters using multiple methods. *Molecular Ecology Resources*, *18*, 176–177.

[10] Evanno, G., Regnaut, S. e Goudet, J. (2005). Detecting the number of clusters of individuals using the software STRUCTURE: a simulation study. *Molecular Ecology*, *14*, 2611–2620.

[11] Puechmaille, S. J. (2016). The program STRUCTURE does not reliably recover the correct population structure when sampling is uneven: subsampling and new estimators alleviate the problem. *Molecular Ecology Resources*, *16*, 608–627.

[12] Kopelman, N. M., Mayzel, J., Jakobsson, M., Rosenberg, N. A. e Mayrose, I. (2015). CLUMPAK: a program for identifying clustering modes and packaging population structure inferences across K. *Molecular Ecology Resources*, *15*, 1179–1191.

TOPONOMASTICS, UMA FERRAMENTA PARA O ESTUDO DA TOPONÍMIA COM FOCO NO SUPERESTRATO

Afonso Xavier Canosa Rodrigues 1[1]

[1] IES Pedra da Auga (Ponteareas)

RESUMO

Obter listagens, mapas com a distribuição geográfica e processar os dados para a análise estatística é parte importante do estudo da toponímia. Apresentamos aqui uma série de funções de pesquisa e elaboração de informes (listagens, cartografia e gráficos) assim como exemplos de análises exploratórias obtidas com os scripts disponíveis no repositório Toponomastics, uma utilidade especialmente concebida para o trabalho com topónimos de superestrato de base antroponímica.

Palabras e frases chave: toponímia, antroponímia, objetos geográficos, entidades geográficas, R

1. INTRODUÇÃO

Toponomastics[1] é o nome dado a um repositório de funções desenhadas inicialmente para o estudo de temas (i.e. unidades lexicais em que segmentamos um topónimo) de origem antroponímica na toponímia. Os scripts permitem definir um tema (ou mais) e pesquisá-lo numa base de dados oferecendo listagens de resultados selecionados em função do tipo (ponto: localidade; ou polígono: freguesia ou concelho) assim como a sua distribuição espacial na área de estudo (mapas). Ainda que este tipo de perguntas pode ser respondido de modo direto ou com um mínimo de elaboração num SIG e mesmo em webs específicas de cartografia e toponímia, Toponomastics ambiciona criar um sistema em R que aproveite a versatilidade desta linguagem à hora de adicionar e processar os dados.

2. OBJETIVOS ESPECÍFICOS

Os scripts atuais de Topomastics foram concebidos para operarem com as bases de dados do Plan Visor Básico da Xunta[2], por estarmos a trabalhar nesta área e entendermos que oferece dados fiáveis a nível toponímico, para além de prover capas com os diferentes níveis administrativos. Porém, os dataframes são modificáveis e ampliáveis, e de facto estamos já a incorporar dados do Norte de Portugal, um continuum necessário na matéria de estudo. Objetivo geral de Toponomastics é ser aplicável a bases de dados doutras partes de Europa relevantes para o objeto principal de pesquisa: topónimos de base antroponímica e morfologia ditemática (dous temas num único topónimo).

Topomastics está orientado para a análise de dados toponímicos com objetivos linguísticos. Nesta primeira fase o objetivo concreto é obter e processar os dados para oferecer respostas e produzir informes exploratórios rápidos (listagens, mapas, gráficos). A sequência dum script tipo segue um princípio cíclico[1] para resolver perguntas como: que topónimos contêm o tema x? qual é a distribuição espacial do tema x? qual é distribuição espacial do tema x vs. tema y?

[1] https://github.com/afonsoxavier/toponomastics
[2] https://mapas.xunta.gal/visores/pba

3. ESTRUTURA DUM SCRIPT TIPO

3.1 Nos scripts de exemplo oferecidos no repositório, os dados podem ser carregados automaticamente. Por segurança e para evitar a repetição de descarregamentos desnecessários, a função tem de ser ativada no próprio script. Uma vez obtidos os dados, selecionamos os mais relevantes dentro do conjunto, homogeneizamos colunas equivalentes mas com diferentes nomes nas taxonomias de origem para evitar a acumulação de NAs e melhorar a operatividade e finalmente ordenamos as variáveis mais relevantes. Toponomastics trabalha inicialmente com ficheiros tipo *shape* que converte num dataframe com o pacote sf[2], o utilizado de modo preferente para operar com os objetos geográficos.

3.2 Uma vez preparados os dataframes, a aplicação mais recorrente é a de pesquisa. A função *data_search* pesquisa um tema que nesta altura requer REGEX para precisar a posição prototemática ou deuterotemática (ambos casos são contemplados nos scripts de exemplo) e permite especificar o tipo de entidade (localidade, freguesia, concelho, comarca ou todas à vez). Da sua parte, *search_comarca* agiliza o processo de pesquisa sobre uma ou várias comarcas. A função *unique_toponym* produz um único resultado quando o topónimo se repete em vários níveis de tipo de entidade num mesmo espaço (ex. um concelho que também é freguesia ou lugar) para evitar distorções nas análises frequentísticas. Finalmente, *entropy* devolve a entropia do sistema gerado pelos topónimos e entidades geográficas associadas em que ocorre um tema.

